

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE AGOSTO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteoito de Agosto de mil novecientos noventa e cinco; á unha da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste o titular desta Alcaldía, Don Jaime Dávila Sánchez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez. Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

UNICO.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS PARA AXUSTALO A NORMATIVA VIXENTE DA ESCOLA DE E.X.B. "TOMAS DE LEMOS".

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto de ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS DA ESCOLA DE E.X.B. "TOMAS DE LEMOS", desta Vila, redactado polo Asesor Urbanístico deste Concello, Don Xosé Xabier Suances Matías, tal e como aparece redactado. Así mesmo, a Comisión de Goberno acorda solicita-la inclusión da devandita obra no convenio existente entre a Deputación Provincial e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

E sendo a unha e cuarto da tarde, o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.